



19 de xuño de 2008

Curso 2007/08 nº 31

boletin@edu.xunta.es



Boletín Informativo

Adxudicación definitiva dos centros do programa de inmersión primaria Outono 2008




Recóllese a relación dos centros de primaria seleccionados para participar no outono de

2008 no programa de Inmersión para 6º de EP. Inclúense as localidades adxudicadas

para cada quenda e as datas das mesmas.

[Máis información](#)

Axudas para a potenciación do galego en infantil



Lembramos aos centros privados concertados situados en contexto castelán falante que impartan o segundo ciclo de educación infantil que o día 21 de xuño remata o prazo para solicitaren as axudas. En

canto aos centros públicos situados en contexto castelán falante e que teñen máis dunha liña no segundo ciclo de educación infantil, o prazo para solicitar axudas para a posta en marcha dunha liña

en galego remata o día 30 de xuño.

[Convocatoria para centros concertados](#)

[Convocatoria para centros públicos](#)

Xornada dos clubs de lectura

O 25 de xuño terá lugar na EGAP (Escola Galega da Administración Pública) en Santiago de Compostela. Nesta xornada poderanse coñecer

varias experiencias, ademais de contar coa presenza de dúas persoas de referencia no ámbito dos clubs de lectura: a directora da Biblioteca Pública

de Guadalajara, Blanca Calvo, e o escritor e narrador Pep Bruno.

[Máis información](#)

Fotografías dispoñibles nas galerías fotográficas do Portal de Contidos, de libre disposición para uso educativo.

Tercer encontro de Edublogs

Terá lugar en Santiago de Compostela os días 3, 4 e 5 de xullo. Conferencias, experiencias, obradoiros (redes sociais, blogs, wikis, ferramentas de autor, xestores de contidos,

contornos virtuais de ensino - aprendizaxe, multimedia...) recóllense no programa deste Encontro.

[Máis información](#)



[Programa de apertura de centros educativos fóra do horario lectivo](#)
[Ata o 12 de xullo](#)



I concurso de historia para mozos e mozas

¿Que facían os meus avós na década dos cincuenta?

A participación neste concurso está aberta a todos os estudantes de 1º e 2º de bacharelato ou FP menores de 21 anos. As obras poden ser individuais ou en grupo, en formato libre (documento ata 100 páxinas, exposición ou multimedia). Concederanse un primei-

ro premio de 2000 €, cinco segundos de 1000 €, e varios terceiros e accésit. O prazo de presentación remata o 15 de setembro de 2008. Organiza a Real Maestranza de Caballería de Ronda.

[Máis información](#)



Ligazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)

O liberespazo: [acceso](#)

Unidade de muller e ciencia: [acceso](#)

Webs temáticas



Publicacións

[LOE](#)

[Lexislación de Educación Primaria](#)

[O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)

[Plan de Convivencia](#)

[Saudíña](#)

[Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)

[Alumnado con discapacidade motora](#)

[Alumnado con problemas de conduta](#)

[Alumnado con discapacidade intelectual](#)

[Alumnado con sobredotación intelectual](#)

[Proxectos de innovación educativa 2008-09](#)

[Premios de innovación educativa 2008](#)

[Plans e actuacións en innovación educativa](#)